



## PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE TEO”.

### 1. OBXECTO E NATUREZA DO CONTRATO.

O obxecto do presente contrato é a execución do “PROXECTO DE OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE TEO”, redactado pola Enxeñeira Técnico Industrial e Enxeñeira Técnico dona Lorena Yebra Fernández (Col. Núm. 1.651 COETICOR) de data 15 de setembro de 2017 e con visado do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais núm. 431/17-FE.

O contrato ten natureza de contrato administrativo de OBRAS, de acordo co artigo 6 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP), cuxa codificación CPV é 45316100-5

A contratación rexerese polo presente Prego de cláusulas administrativas particulares, e para o non previsto en dito Prego, estarase ó disposto no TRLCSP, no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP, no Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e demais normativa aplicable.

Ademais do presente prego, terán carácter contractual os seguintes documentos:

- Proxecto de execución redactado pola Enxeñeira Técnico Industrial e Enxeñeira Técnico dona Lorena Yebra Fernández (Col. Núm. 1.651 COETICOR) de data 15 de setembro de 2017 e con visado do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais núm. 431/17-FE, aprobado polo Pleno municipal en sesión celebrada o 27 de setembro de 2017.
- Os documentos descritivos das melloras obxecto de valoración.
- As instrucións que, en interpretación técnica do proxecto, dera ao contratista a dirección de obra e, no seu caso, o responsable do contrato, tanto escritas como verbais, sempre que estas últimas sexan ratificadas por escrito na maior brevidade.
- As instrucións emanadas do Instituto para la Diversificación y el Ahorro de la Energía (IDAE), publicadas por calquera medio que o concello contratante esté obrigado a cumprir, en especial a Resolución de 20 de decembro de 2016, do Consejo de Administración do Instituto para la Diversificación y el Ahorro de la Energía (IDAE), por la que se concede préstamo reembolsable por importe de 3.269.837,69 euros ao Concello de Teo, titular do CIF P15083001.



- O presente prego de cláusulas administrativas particulares.
- A oferta económica que resulte adjudicataria do contrato.
- O documento de formalización do contrato.
- A acta de comprobación do reformulo.

A execución desta actuación, enmárcase no “Programa de ayudas para la renovación de las instalaciones de alumbrado exterior municipal”, cuxas bases e convocatoria foron aprobadas por Resolución do 24 de marzo de 2015 do Consejo de Administración do Instituto para la Diversificación y el Ahorro de la Energía (IDAE) e publicadas no Boletín Oficial do Estado de data 5 de maio de 2015.

## 2. PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN.

O orzamento base de licitación consignado no proxecto ascende á seguinte cantidade:

Valor estimado (IVE excluído): dous millóns seiscientos setenta e dous mil novecentos setenta e nove euros con corenta e sete céntimos de euro (2.672.979,47 €).

21 % de IVE: cincocentos sesenta e un mil trescentos vinte e cinco euros con sesenta e nove céntimos de euro de IVE (561.325,69 €).

Orzamento total (IVE incluído): tres millóns douscentos trinta e catro mil trescentos cinco euros con dezaseis céntimos de euro (3.234.305,16 €)

Os licitadores realizarán a baixa que estimen pertinente sobre o orzamento base de licitación, debendo figurar o IVE como partida independente, de conformidade co establecido no artigo 145.5 do TRLCSP, e de acordo co ANEXO II.

A existencia de crédito orzamentario para facer fronte aos gastos derivados da execución da obra por parte do concello é requisito necesario para a validez do contrato. O importe aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 165.633.00 do vixente Orzamento Municipal.

O compromiso de gasto para exercicios futuros queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio correspondente, circunstancia que debe ter en contra en todo caso o contratista.

Se por causa imputable ao contratista debера procederse ao reintegro do importe do préstamo concedido, este feito será causa de resolución do contrato, establecéndose que o contratista deberá indemnizar ao Concello por un importe igual ao do reintegro do préstamo.

Entenderase que as ofertas dos licitadores inclúen todos os gastos, directos e indirectos, que o contratista deba realizar para a execución do obxecto do contrato e os tributos que sexan de aplicación de acordo coa lexislación vixente.



O prezo do contrato abonarase ao adxudicatario, previa presentación da correspondente certificación e factura, que deberá ser conformada polo director de obra e fiscalizada por intervención.

### 3. DURACIÓN DO CONTRATO.

O prazo de execución do contrato será de 7 meses / 210 días, e comezará a contarse desde o día seguinte ao da formalización da acta de comprobación de reformulo.

### 4. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto, con varios criterios de valoración, no que todo empresario/a poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, de conformidade co establecido no artigo 157 e seguintes da TRLCSP.

Para a valoración das proposicións, teranse en conta os criterios que se establecen no presente Prego, que determinarán a oferta economicamente máis vantaxosa.

### 5. REVISIÓN DO PREZOS.

De acordo co disposto no artigo 89 do TRLCSP, o prezo do contrato non poderá ser obxecto de revisión, polo que non se aplicará ningunha fórmula de revisión de prezos.

### 6. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PERFIL DO CONTRATANTE

Considerando que de acordo coa establecido no artigo 14.1.b) do TRLCSP, o contrato non está suxeito a regulación harmonizada, o procedemento ao que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e no perfil do contratante (art. 142 e 53 do TRLCSP).

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente á licitación a través de internet no perfil do contratante [www.teo.gal](http://www.teo.gal).

### 7. CAPACIDADE E CLASIFICACIÓN

#### A. REQUISITOS XERAIS DE CAPACIDADE.

Poderán tomar parte neste procedemento contractual, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter personalidade xurídica e plena capacidade de obrar.



2. Ter, no caso de persoas xurídicas, un obxecto social, fins ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, englobe as prestacións obxecto do contrato en cuestión.
3. Contar coa habilitación empresarial ou profesional que, se é o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato ou coa autorización ou concesión administrativa correspondente cando esta obra requira algunha autorización administrativa específica.
4. Non estar incurso en ningunha das prohibicións de contratar sinaladas no artigo 60 do TRLCSP na data de conclusión do prazo de presentación de solicitudes. Tampouco deberán estar incurso en tal situación cando se proceda á adxudicación do contrato.
5. Non ter participado na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato, sempre que a devandita participación poida provocar restricións á libre concorrência ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras.
6. Dada a contía do presente contrato e de conformidade co previsto no artigo 11.3 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en concordancia co 65.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para contratar será requisito indispensable que o empresario dispoña da correspondente **clasificación**.

#### B. ACTUACIÓN POR MEDIO DE REPRESENTANTES.

Os licitadores que concorreran representados por outra persoa ou os representantes dunha sociedade ou outro tipo de personificación xurídica, deberán xustificar documentalmente que están facultados para iso mediante os poderes e documentos acreditativos da personalidade, que se acompañará á proposición. Deberán aportar copia do seu DNI.

#### C. CONTRATACIÓN CON UNIÓN TEMPORAIS DE EMPRESARIOS.

O contrato outorgarase a unha soa persoa ou entidade, se ben poderá ser concertado con dous ou máis persoas ou entidades, constituídas para os efectos deste contrato, en Unión Temporal de Empresarios (UTE). Os empresarios integrantes quedarán obrigados solidariamente respecto ao Concello, cuxos dereitos fronte a esta serán, en todo caso, indivisibles. Deberán nomear un representante único da agrupación, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se deriven do contrato.

Cada un dos empresarios que compoñan a agrupación, acreditarán a súa capacidade e, segundo proceda, a súa solvencia e clasificación. Para a acreditación da solvencia, terase en conta a que resulte de sumar a que acredite cada sociedade.



As ofertas económicas que formulen estas agrupacións deberán indicar nomes e circunstancias dos empresarios que as formen e a participación de cada un deles na agrupación así como a firma de todos os empresarios.

A formalización da UTE en escritura pública non será necesaria ata que non se efectúe a adxudicación ao seu favor, e a súa duración deberá estenderse ata a finalización do contrato.

#### D. CONTRATACIÓN CON EMPRESAS ESTRANXEIRAS.

As empresas estranxeiras deberán acreditar en todo caso a súa capacidade e solvencia cos criterios establecidos no punto 8 do epígrafe A desta cláusula. Toda a documentación deberá presentarse xunto cunha tradución oficial dos correspondentes documentos.

##### 1. Empresas comunitarias.

Terán capacidade para contratar co sector público, en todo caso, as empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea que, conforme á lexislación do Estado en que estean establecidas e as disposicións comunitarias de aplicación, teñan capacidade xurídica, e se encontren habilitadas para realizar a prestación de que se trate. Cando a lexislación do Estado en que se encontren establecidas estas empresas esixa a inscrición en determinado rexistro, unha autorización especial, ou a pertenza a unha organización concreta para poder prestar nel a obra de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito. A solvencia acreditarase polos medios indicados nesta cláusula, se ben a económica se entenderá referida ao documento fiscal correspondente do Estado de que se trate.

##### 2. Empresa extracomunitarias.

As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea, ademais de acreditar a súa capacidade e solvencia mediante os medios indicados para as empresas comunitarias, deberán xustificar, mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española, que se acompañará á documentación que se presente, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público do país en cuestión, en forma substancialmente análoga. Prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio. En todo caso, estas empresas han de ter aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean inscritas no Rexistro Mercantil.

##### 3. Sometemento a xurisdición española.



A concorrencia de empresas estranxeiras de calquera país aos contratos que se realicen ao abeiro do presente prego supón a renuncia ao foro xurisdiccional que puidese corresponderlles, someténdose aos Xulgados e tribunais españois a que se refire a cláusula 7.A deste prego.

### 8. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

As proposicións presentaranse, no Rexistro do Concello de Teo, ata o día que remate o prazo de presentación da oferta; se o prazo conclúe sábado, domingo ou festivo, trasladarase o prazo final ao primeiro día hábil seguinte. Cando as proposicións se presenten por correo ou en calquera outro lugar dos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deberá facerse dentro dos prazos indicados, e o remitente terao que comunicar por Fax, telegrama ou mail (secretaria@teo.gal) ao Concello de Teo o mesmo día que a presente, co seguinte literal:

Concello de Teo  
Ramallosa 38 - 15883 Teo - A Coruña  
Texto: Presentouse por correo OFERTA para a contratación de ".....",o día .... de ..... de....  
Sinatura (a empresa licitante)

Destes xustificantes deixarase constancia no Rexistro Municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación cando se reciba polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. Non obstante, transcorridos dez días dende a terminación do prazo de presentación, non se admitirá ningunha oferta que non fose recibida no devandito Rexistro, tal e como prevé o artigo 80.4 do RXLCAP.

Concluído o prazo para presentar ofertas e antes da convocatoria da Mesa de contratación, a Secretaria emitirá un certificado acreditativo de todas as ofertas recibidas ou cuxa presentación fose comunicada, dentro ou fóra de prazo. O devandito certificado remitirase á/ao Secretaria/o da Mesa de Contratación xunto coas ofertas recibidas.

O prazo que terán os licitadores para presentar ofertas será de **26 DÍAS NATURAIS** a contar dende o día seguinte a data da última publicación nun dos Boletíns Oficiais recollidos no prego (DOGA ou BOP), de conformidade co disposto no artigo 159 do TRLCSP.

Cada licitador non poderá presentar mais de unha proposición, nin poderá asinar ningunha oferta en unión temporal con outros, se presentou proposición individual, nin figurar en mais dunha unión temporal.



A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional, por parte do licitador, do Prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación.

Os licitadores deberán presentar a documentación esixida en documentos orixinais ou copia debidamente cotexada.

As proposicións presentaranse en **tres sobres pechados**, **A**, **B** e **C**, cerrados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, nos que se indicará a razón social e denominación da entidade, debendo figurar nos mesmos a inscrición:

“PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE TEO”

**SOBRE A**”, titulado “Documentación administrativa”, incluirá:

a. Documentación acreditativa da personalidade do licitador e capacidade de obrar:

- Cando se trate de empresario individual: fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade, pasaporte ou documento que o substitúa, da persoa que presente a proposición.
- Cando se trate de persoa xurídica: escritura de constitución, e modificacións no seu caso, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade debidamente inscritos no correspondente rexistro oficial. Aportarase así mesmo fotocopia da tarxeta de identificación fiscal.
- Cando se trate de empresas comunitarias: a capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro que proceda de acordo coa lexislación do estado onde estean establecidas ou mediante declaración xurada ou certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- Cando se trate de empresas non comunitarias: as empresas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente de España no estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa. Así mesmo deberán presentar un informe de reciprocidade no que se faga contar que o estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración de forma substancialmente análoga. Ademais será necesario que acrediten que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55.2 do TRLCSP).





b. Documento que acredite a representación.

Os licitadores que non actúen en nome propio ou cando se trate dunha sociedade ou persoa xurídica, presentarán copia notarial do poder de representación, bastanteadado pola Secretaría do Concello.

Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

Igualmente a persoa con poder bastanteadado a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada do seu documento nacional de identidade.

c. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Os licitadores deberán presentar unha declaración responsable de que a empresa non se encontra en ningunha das circunstancias de prohibición de contratar previstas no artigo 60 do TRLCSP, e que incluírá a declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social. A mesma incorpórase nos **ANEXO III e ANEXO IV** do presente Prego.

d. Solvencia económica, financeira e técnica ou profesional

Para os contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 500.000,00 €, o licitador deberá presentar certificación acreditativa, en orixinal ou copia compulsada, de posuír a clasificación esixida e que a continuación se indica:

Grupo	Subgrupo	Categoría
I	1	4
I	6	4

Si a empresa se atopase pendente de clasificación, deberá achegarse o documento acreditativo de presentar a correspondente solicitude, debendo xustificar o estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para a emenda de defectos ou omisións na documentación.

Os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea, en caso de non estar clasificados en España, deberán presentar, en substitución da clasificación, a documentación acreditativa da súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional na forma establecida nos artigos 75 e 76 do TRLCSP e polos medios que a continuación se indican. Todo elo sen prexuízo do disposto no artigo 84.1 do TRLCSP.

- **Solvencia económica:**





a) A solvencia económica e financeira, de acordo co establecido no artigo 75.1.a) do TRLCSP, en relación co artigo 11.4 a) do Regulamento da Lei de contratos, acreditarase, polo volume anual de negocios do licitador, no ámbito material relativo ao contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos anos, que deberá ser ao menos de unha vez e media o valor anual medio do contrato, e que deberá acreditarse mediante a presentación das contas anuais aprobadas tal como establece o citado artigo 11.4.a).

• **Solvencia técnica:** acreditarase por algún dos seguintes medios:

a) Relación das obras executadas no curso dos dez últimos nos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase si se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo; no seu caso, devanditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Considerase que o licitador ten suficiente solvencia técnica cando o importe anual acumulado, no ano de maior volume de contratos, sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente, os encargados do control de calidade.

Deberán presentar declaración responsable na que se indique que a instalación será efectuada por instaladores autorizados en baixa tensión aos que se refire a Instrución Técnica complementaria ITC-BT-03 do vixente Regulamento Electrotécnico para baixa tensión (RD 842/2012).

e. Disposición común as empresas estranxeiras (comunitarias e non comunitarias).

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición de tribunais e xulgados españois de calquera orde para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia no seu caso ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle poida corresponder ao licitador, tal como establece o artigo 146.1.e) do TRLCSP.

f. Unións temporais de empresas.

Os empresarios que concorran á licitación en unión temporal constituída ao efecto deberán indicar os nomes e circunstancias de cada un deles, porcentaxe de participación, representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo e compromiso de constituírse formalmente en escritura pública, antes da



formalización do contrato, no caso de que resultaran adxudicatarios do contrato, de acordo co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

g. Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que distintas empresas vinculadas, conforme ao establecido no artigo 145 do TRLCSP, concorran á licitación deberán presentar unha declaración indicando dita circunstancia así como a razón social de todas as empresas pertencentes ao mesmo grupo que participan no procedemento de contratación.

**Registro oficial de licitadores.**

**Os licitadores que se encontren inscritos en algún rexistro oficial, poderán presentar a correspondente certificación da inscrición, quedando dispensados de presentar os documentos que consten no rexistro oficial.**

Índice de documentos.

Dentro do sobre, en folio independente, incluírase un índice enunciando os documentos que o integran.

De conformidade co establecido no artigo 146.4 do TRLCSP, a documentación a que se refire o apartado 1 do referido artigo, que se debe presentar no Sobre A: "Documentación", poderá ser substituída por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, conforme ao modelo que se incorpora como ANEXO III / ANEXO IV do presente Prego.

En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos.

**SOBRE "B", titulado "Referencias Técnicas",** incluirá:

A documentación que permita valorar a proposición de acordo cos criterios que dependen dun xuízo de valor:

a) Memoria técnica dos traballos a realizar, coas propostas de equipos, lámpadas, luminarias e demais material a empregar, detallando de forma clara e precisa modelos, propostas gráficas, marcas, rendementos enerxéticos, prestacións, achega, ensaios para cumprimento da normativa, xustificación luminotécnica das solucións propostas, calculando as columnas AK-AW de todos os puntos de luz, vantaxes do produto e experiencias das instalacións realizadas.



Esta memoria técnica debera ser presentada unicamente en soporte dixital CD, asinada dixitalmente, cun máximo de 50 páxinas, ao que se xuntará unha síntese da materia en papel dunha extensión máxima de 3 páxinas A4.

b) Memoria descriptiva sobre metodoloxía, organización, medios directos propostos para o subministro e instalacións das luminarias e equipos (en particular detallando persoal e maquinaria). Especificarase a metodoloxía, organización e medios para executar as obras, incluíndo a xestión de residuos prevista e a actualización do inventario.

Esta memoria descriptiva debera ser presentada unicamente en soporte dixital CD, asinada dixitalmente, cun máximo de 50 páxinas, ao que se xuntará unha síntese da materia en papel dunha extensión máxima de 3 páxinas A4.

SOBRE “C”, titulado “Proposición económica e documentación avaliable de forma automática.

Deberá formularse de acordo co modelo que figura como **ANEXO II** deste Prego, e que incluírá:

a) Oferta económica, asinada polo licitador, na que se expresará o prezo de execución do contrato, debendo figurar como partida independente o IVE.

b) Melloras sen custe adicional, conforme á “memoria de melloras complementarias ás obras de renovación das instalacións de alumeadado público exterior do Concello de Teo”, que se achega como Anexo V do presente prego. En todo caso, correrán da conta do contratista as autorizacións, permisos e/ou licenzas así como os gastos que sexan precisos para a execución das melloras.

c) Redución do prazo de execución do tempo inicialmente previsto (7 meses/ 210 días)

## 9. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, atenderase aos criterios que se indican a continuación:

a. Criterios avaliables de forma automática: Estes criterios valoraranse de xeito automático ata un máximo de 60 puntos.

- Oferta económica (prezo): ata 15 puntos.

A **valoración** realizarase de acordo coa fórmula xeral de valoración de ofertas elaborado pola facultade de matemáticas, aprobada pola Deputación Provincial



da Coruña para a valoración de ofertas de plans provinciais (BOP núm. 3 do 07/07/2016).

- **Melloras sen custe adicional:** ata 40 puntos  
Só se valorarán as melloras ofertadas entre as previstas na “Memoria de melloras complementarias ás obras de renovación das instalacións de alumbrado público exterior do Concello de Teo” (ANEXO V), e cuxo resumo é o seguinte:
  - Capítulo M01 Instalación de telexestión.
  - Capítulo M02 Iluminación e sinalización de pasos peonís.
  - Capítulo M03 Reposición de instalacións substraídas.
  - Capítulo M04 Centros de mando de outras instalacións.

A **valoración** realizarase do seguinte xeito:

MELLORA	VALORACIÓN
Capítulo M01 Instalación de telexestión	18
Capítulo M02 Iluminación e sinalización de pasos peonís	5
Capítulo M03 Reposición de instalacións substraídas.	7
Capítulo M04 Centros de mando de outras instalacións	10

- **Redución do prazo de execución** sobre o inicialmente previsto (7 meses / 210 días): ata 5 puntos.

Valorarase a redución do prazo de execución da obra, xustificando e motivando as reducións propostas. O prazo haberase de confeccionar conforme ás prescricións do programa de traballo que propoña e presente cada licitador.

A **valoración** realizarase do seguinte xeito: Asignaranse 0,0625 puntos por cada día de redución, cunha limitación do prazo de execución dun máximo de 80 días, o que corresponde a un prazo de execución final mínimo de 130 días.

**b. Criterios que dependen dun xuízo de valor:** Estes criterios non son avaliábeis de xeito automático, senón que serán valorados , ata un máximo de 40 puntos:

- **Memoria técnica dos traballos a realizar,** ata 26 puntos. A **valoración** farase conforme aos seguintes criterios:

ELEMENTO	CRITERIO	PUNTUACION MÁXIMA
	Materiais empregados	1



LUMINARIA (ATA 14 PUNTOS)	Rendemento dos LEDs	2
	Eficiencia da luminaria	1
	Intensidade de traballo da matriz dos LEDs	1
	Deseño e ergonomía da luminaria	5
	Facilidade de acceso e mantemento	1
	Resultados dos estudos luminotécnicos conforme aos luminotécnicos aportados	2
	Xustificación dos cumprimentos normativos e homologacións conforme ao proxecto técnico	1
DRIVER (ATA 7 PUNTOS)	Regulacións posibles	2
	Protección interna	1
	Protección contra harmónicos	1
	Tipos de programación	1
	Factor de potencia	1
	Xustificación do cumprimento normativo e homologacións conforme ao proxecto técnico	1
PROTECTOR DE SOBRETENSIÓNS (ATA 4 PUNTOS)	Tensión máxima admisible	1
	Intensidade máxima admisible	2
	Tipos de montaxe	0,5
	Xustificación dos cumprimentos normativos e homologacións conforme ao proxecto técnico	0,5
PLAN DE AUTOCONTROL (ATA 1 PUNTO)	Plan de autocontrol da calidade do subministro e servizo	1

- Memoria descriptiva , ata 14 puntos. A **valoración** farase conforme aos seguintes criterios:

CRITERIO	PUNTUACION MÁXIMA
Calendario da obra, especificado comezo e finalización de cada fase. A planificación describirá os traballos por días laborables	2
Medios dedicados a obra, tanto humanos como mecánicos	3
Medidas e medios que se utilizarán para minimizar ao máximo as molestias da veciñanza, incluída información telefónica	2
Metodoloxía e sistemas para coordinar la ocupación de vía pública	2
Estudio de sinalización provisional durante as obras	2
Metodoloxía da xestión de residuos prevista	1
Proposta de actualización de inventario	2

## 10.- MESA DE CONTRATACION

A Mesa de Contratación estará constituída do seguinte modo:



- Presidente: D. Rafael C. Sisto Edreira, alcalde do Concello ou concelleiro en quen delegue.

- Vogais:

- o D<sup>a</sup>. Virginia Fraga Díaz, secretaria xeral do concello de Teo.
- o D<sup>a</sup>. Mónica Lado Varela, interventora do concello de Teo.
- o D<sup>a</sup>. Ignacio Soto González, arquitecto municipal do concello de Teo.
- o D. Uxía Lemus de la Iglesia, concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade
- o Un/unha concelleiros/a do Grupo Municipal do PP
- o O concelleiro do Grupo Mixto.

Secretaria: D<sup>a</sup>. Sandra M<sup>a</sup>. García Chenlo, adxunta a Secretaría.

Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. A estes efectos a secretaria e a interventora serán substituídas polo/a funcionario/a que legalmente as substitúan, a concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade polo, concelleiro de infraestruturas, o arquitecto municipal polo arquitecto técnico municipal, os concelleiros dos grupos municipais do PP e mixto, por outro/a concelleiro/a que cada cal designe. A secretaria da mesa será substituída pola administrativa adscrita a Secretaría.

## 11.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓNS

A apertura de proposicións deberá realizarse pola mesa de contratación no prazo máximo de un mes, dende o remate do prazo de presentación de proposicións, previamente, a mesa de contratación deberá proceder á apertura dos sobres A, e cualificación da documentación administrativa das proposicións presentadas.

A mesa de contratación poderá conceder un prazo, non superior a tres días naturais, para que os licitadores poidan corrixir os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada. O requirimento para a emenda da documentación presentada realizarase a través do correo electrónico, telefax, ou calquera outro medio que permita deixar constancia da súa recepción polo interesado. Unha vez cualificada a documentación contida nos sobres A, a mesa procederá á apertura dos sobres B, "Referencias Técnicas", que se realizará en acto público, ao que serán convocados os licitadores a través do perfil do contratante do concello de Teo, que se levará a cabo no prazo non superior a sete días contados dende a apertura dos sobres A.

A continuación a Mesa de contratación examinará a documentación contida no sobre B das ofertas admitidas, podendo solicitar cantos informes técnicos considere necesarios para avaliála, fixando a data de apertura dos sobres C "Proposición económica e documentación avaliábel de forma automática" que se celebrará en acto público ao que serán convocados os licitadores a través do perfil do contratante do Concello.



Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola mesa, en resolución motivada.

Tras a lectura de devanditas proposicións, a Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos, para a valoración das mesmas con arranxo aos criterios e ás ponderacións establecidas neste Prego.

A mesa de contratación, unha vez valoradas as ofertas, e tras solicitar os informes que estime oportunos, formulará proposta de adxudicación a favor da proposta que resulte mais vantaxosa, que elevará ao órgano de contratación acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións. Dita proposta non crea dereito algún en favor do licitador proposto fronte á administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta da mesa deberá motivar a súa decisión (art. 160.2 do TRCSP)

## 12. OFERTAS DESPROPORCIONADAS OU TEMERARIAS.

Identificadas as ofertas desproporcionadas ou anormais, abrírase trámite de audiencia ás mesmas para presentar documentación xustificativa. Dita documentación deberá ser o suficientemente detallada para permitir á administración determinar se pode garantirse o cumprimento de ditas proposicións.

Considéranse en todo caso indispensables os seguintes mínimos:

- Documentación relativa a xustificación de prezos:
  - a) *Plan de obra*, con indicación de actividades e equipos, detallando claramente man de obra (tipo, cualificación profesional e convenio aplicable para cada traballador coas horas empregadas), maquinaria (tipo de máquina coas horas empregadas) e materiais empregados (con medición). Aportarase cadro resumo final cos totais de horas/traballador, horas/máquina e medición de materiais empregados.
  - b) *Orzamento* con medicións e xustificación de prezos descompostos, incluíndo documentación xustificativa pormenorizada dos custos de man de obra e maquinaria (tanto propia como subcontratada), materiais (propios e a comprar), cálculo de custos indirectos e de gastos xerais, así como do beneficio industrial previsto.

A xustificación de prezos do licitador non poderá modificar as partidas nin a descomposición das mesmas prevista en proxecto, debendo manter as tipoloxías e rendementos de man de obra, maquinaria e materiais, por considerar que xa se encontran perfectamente axustados á realidade das obras proxectadas. Do mesmo



xeito e polas mesmas razóns, non se considerará viable a redución do prazo de execución.

No caso dos prezos de man de obra, maquinaria e materiais, poderá proporse a súa modificación, sempre e cando estea adecuadamente xustificada mediante a documentación indicada e sen que en ningún caso, os prezos de man de obra sexan inferiores aos estipulados nos convenios aplicables vixentes.

- a) *Relación de subcontratas*, completa, para todas as partidas que se prevé subcontratar, con documentación vinculante de que a empresa poderá dispor da man de obra e maquinaria concreta o período necesario a prezo determinado.
- b) *Documentación acreditativa* da idoneidade dos materiais a empregar, así como documentación vinculante que xustifique que a empresa poderá dispor de dito material no prazo necesario e a prezo determinado.

- Documentación relativa á xustificación de volume de obra:

*Relación de obras actualmente contratadas*, indicando tipo de obra, importe, promotor, prazo e lugar de execución, co detalle dos medios persoais e materiais que debe dedicar ás mesmas e posta en relación coas obras obxecto da licitación.

## 12.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e admitidas á licitación, que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais de acordo co establecido nos artigos 151 e 152 do TRLCSP, e requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente mais vantaxosa, para que no prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

No suposto de que o licitador fixera uso do previsto no artigo 146.4 do TRLCSP, e presentara unha declaración responsable, en substitución da documentación do sobre A, deberá acreditar a posesión e validez da documentación esixida no Prego.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

## 13.- GARANTÍAS PROVISIONAL E DEFINITIVA.

### 13.1 GARANTÍA PROVISIONAL





En relación con esta licitación e a esixencia da constitución de garantía provisional, o órgano de contratación considera xustificada en base a que as obras afectan a todo o termo municipal, pola elevada contía do contrato así como a súa longa execución. Ao afectar a un servizo fundamental, esíxense esforzos adicionais de coordinación específica na execución, tanto desde un punto espacial como temporal e mantendo, na medida do posible, o normal funcionamento dun servizo como é o do alumbeado público.

Os licitadores deberán constituír unha garantía provisional por importe de oitenta mil cento oitenta e nove euros con trinta e oito céntimos de euros (80.189,38 €) correspondente ao 3% do orzamento do contrato, IVE excluído, que responderá o mantemento das súas ofertas ata a adxudicación do contrato.

A garantía provisional depositarase:

- Na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou na Caixa ou establecemento público equivalente das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban fornecer efecto cando se trate de garantías en efectivo.
- Ante o órgano de contratación, cando se trate de certificados de inmovilización de valores anotados, de avais ou de certificados de seguro de caución.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato. En todo caso, a garantía será retida ao licitador cuxa proposición fose seleccionada para a adxudicación ata que proceda á constitución da garantía definitiva, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última, nese caso a garantía provisional cancelarase simultaneamente á constitución da definitiva.

### 13.2 GARANTÍA DEFINITIVA

O adxudicatario constituíra a garantía definitiva, en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP, por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, de conformidade co disposto no artigo 95.2 do TRLCSP.

A garantía non será cancelada ata que estea cumprido o contrato satisfactoriamente e teña transcorrido o prazo de garantía.

### 14. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación presentada polo licitador.



En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha proposición que sexa admisible de acordo co establecido no Prego.

O acordo de adxudicación deberá ser motivado e notificarse aos licitadores, publicándose simultaneamente no perfil do contratante do Concello, de acordo co disposto no artigo 151.4 do TRLCSP.

Contra o acordo de adxudicación os lexitimados poderán interpoñer os recursos administrativos procedentes de acordo co establecido na Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como o recurso contencioso administrativo nos termos establecidos na lexislación aplicable.

## 15. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato perfeccionarase coa súa formalización, de acordo co establecido no artigo 27 do TRLCSP. En ningún caso poderá iniciarse a execución do contrato ata a súa formalización, de acordo co regulado no artigo 156.5 do TRLCSP.

Con carácter previo ao comezo dos traballos, deberá formalizarse un contrato en DOCUMENTO ADMINISTRATIVO, que será título abondo para acceder a calquera rexistro público; non obstante, poderá elevarse a escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

A formalización deberá realizarse antes de que transcorran QUINCE DÍAS HÁBILES dende que se reciba a notificación da adxudicación.

## 16. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do reformulo e inicio das obras. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do reformulo feito con ocasión da aprobación do Proxecto de obras, estendéndose esta segunda acta do resultado que será asinada por ambas as partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebrou o contrato.

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas neste prego, no proxecto e no contrato, e seguindo as directrices do departamento de urbanismo do Concello, a estes efectos a administración designará un responsable do contrato que se encargará de supervisar a súa execución e adoptar as decisións necesaria para asegurar a correcta prestación do servizo.

O persoal que interveña na prestación do servizo dependerá exclusivamente do adxudicatario, sen que o concello teña responsabilidade algunha sobre o mesmo.



O contratista non poderá aducir, en ningún caso, indefinición do proxecto. Se ao seu xuízo adoecese dalgunha indefinición, deberá solicitar por escrito do director de obra a correspondente definición coa antelación suficiente a súa realización, quen deberá contestar no prazo de dez días á citada solicitude.

## 17. OBRIGAS DO CONTRATISTA.

Rexerán as seguintes regras sendo todas elas de carácter esencial no marco das obrigacións derivadas da relación contractual que, no seu caso, establézase:

1. Autorizacións e licenzas: O contratista está obrigado a xestionar cantas autorizacións administrativas ou doutro tipo sexan necesarias para a execución completa das obras e a súa posta en funcionamento debendo de abonar á súa costa todos os gastos que supoñan ditas autorizacións ou permisos, figurando como titular da autorización o suxeito que determine o Concello. Se a normativa aplicable esixise algún documento ou proxecto técnico para tramitar a autorización que corresponda, será de conta do contratista a súa elaboración sen que poida repercutir os gastos ao Concello de Teo.
2. Normas e Instrucións do IDAE.- Deberán ser cumpridas no seu conxunto e naquelas partes das mesmas que sexa necesario, por parte do contratista adxudicatario, en particular todas aquelas que afecten á implantación do sistema LED na iluminación exterior municipal por exemplo o que se indica na norma 4 Requisitos técnicos de eficiencia enerxética do Anexo I referido á Descrición das actuacións elixibles da Resolución do 28 de abril de 2015, así como as relativas ás obrigas de publicidade.
3. Alta e permiso de funcionamento das instalacións: Se a natureza das obras esíxeo, o contratista virá obrigado á realización de cantas xestións fosen precisas ao obxecto de obter o alta e o permiso de funcionamento das instalacións que conforman as obras executadas debendo de figurar como titular das mesmas o Concello. Os custos totais destas xestións serán de conta do contratista.
4. Ensaio e análises: Sen prexuízo dos ensaios e análises previstos no proxecto de execución, o Director da obra poderá ordenar que se realicen ensaios e análises de materiais e unidades de obra e que se soliciten os informes específicos, que en cada caso resulten pertinentes, sendo os gastos de conta do contratista.
5. Compensación cantidades: Se o Concello, como titular das obras, resultase responsable subsidiario das obrigacións incumpridas polo contratista ou substituto do contribuínte poderá compensar as cantidades abonadas das que correspondan ao contratista pola obra executada quedando sempre a salvo o abono de salarios e Seguridade Social do persoal adscrito á execución da obra.
6. Obrigacións sociais e en materia de riscos laborais: O contratista está obrigado ao cumprimento da normativa vixente en materia de Seguridade Social, de Prevención de Riscos Laborais e de Seguridade e Saúde nas obras de construción, así como do disposto na Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector



da Construción, e no Real Decreto 1109/2007, do 24 de agosto, que a desenvolve, respecto das que son obxecto do contrato, nos termos que logo se dirán.

7. Cumprimento LOE. O contratista, como responsable da construción da obra obxecto de contratación, está obrigado a cumprir todas as determinacións da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, e demais normativa que a desenvolva na medida en que sexan aplicables ao tipo de contrato a que se refire este Prego.

8. Deber de sixilo: O contratista vén obrigado a gardar sixilo respecto dos datos ou antecedentes que non sendo públicos ou notorios estean relacionados co obxecto do contrato dos que teña coñecemento con ocasión do mesmo, salvo que o órgano de contratación, atendendo á natureza e circunstancias do contrato, non o estime aconsellable.

9. Danos a terceiros: Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto elaborado por ela mesma no contrato de obras ou no de subministración de fabricación.

Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, pronúnciese sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición da acción.

A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto

10. Intervención doutras empresas: O adxudicatario comunicará ao Concello, na forma que permita ter constancia diso, a intervención na execución da obra de máis dunha empresa ou unha empresa e traballadores autónomos a efectos de designar, se non se fixo xa, a persoa encargada da coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, sen prexuízo do cumprimento do establecido na Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no Sector da Construción.

11. Seguridade e Saúde: O contratista elaborará un Plan de Seguridade e Saúde no Traballo nos termos e co contido previsto no artigo 7 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, que deberá de ser presentado, para a súa aprobación polo Concello.

Do mesmo xeito o contratista estará obrigado a:

- a) Presentar para a aprobación polo Concello, das modificacións que o contratista considere necesario facer no Plan de Seguridade e Saúde aprobado con anterioridade.



- b) Ter na obra, a disposición permanente das persoas indicadas nos apartados 4 e 5 do artigo 7 e no artigo 19 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, o Plan de Seguridade e Saúde aprobado polo Concello.
- c) Observar os principios xerais aplicables durante a execución da obra sinalados no artigo 10 do R.D. 1627/97, do 24 de outubro, e cumprir as obrigacións sinaladas no artigo 11 da mesma norma.
- d) Garantir que todos os traballadores que interveñan no proceso de construción, con independencia de cal sexa a empresa contratista ou subcontratista á que se atopen vinculados, reciban unha información adecuada e comprensible de todas as medidas que haxan de adoptarse no que se refire a seguridade e saúde na obra facilitando, mesmo, unha copia do Plan de Seguridade e Saúde aprobado polo Concello aos representantes dos traballadores no centro de traballo.
- e) Comunicar á Administración Laboral competente, que é o Xefe da Oficina Territorial de Traballo, o comezo efectivo dos traballos e a consecuente apertura do centro de traballo a efectos de poder cumprir o establecido no artigo 19 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro.
- f) Cumprir todas as indicacións que en materia de Seguridade e Saúde fágalle o Técnico responsable da mesma, incluso a paralización das obras cando se dean os supostos previstos no artigo 14 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro.

12. Sinalización: O contratista está obrigado a instalar e manter, á súa costa, a sinalización precisa que a lexislación vixente esixe sobre sinalizacións e acceso de obras, sendo responsable de todas as consecuencias derivadas da omisión desta sinalización e de forma moi especial a sinalización esixida na Lei de tráfico e seguridade viario.

Todas e cada unha das obrigacións establecidas na presente cláusula, son declaradas expresamente esenciais para os efectos previstos na correspondente do presente prego.

## 18. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN. PENALIDADES.

### 18.1 Por demora: As previstas no artigo 212 do TRLCSP

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

### 18.2 Por execución defectuosa:

#### 1.- Infraccións leves:

1. Non manter a sinalización, balizamento ou medidas de protección necesarias.
2. Orixinar innecesarias molestias á veciñanza.
3. Non retirar os escombros ou materiais sobrantes no prazo debido, as provisións indebidas, ou realizar os traballos sen a limpeza aconsellable.
4. A non realización dunha obra no prazo ordenado para o seu comezo.



5. A execución de forma incorrecta dunha obra ou parte dela, implicará o levantamento e nova execución de dita parte defectuosa, con cargo ao contratista.
6. Si a obra, aínda que defectuosa, fóra admisible, a dirección poderá optar por aceptala con rebaixe nos prezos das unidades defectuosas ou pola súa demolición e reconstrución a costa do contratista.
7. A omisión da execución de ensaios, ou a súa execución en número insuficiente, independentemente de que se realicen os traballos necesarios para controlar polos medios oportunos as unidades non ensaiadas no seu momento. Tales traballos serán a costa do contratista.
8. Tamén se consideran infraccións leves todas aquelas actuacións cometidas polo adxudicatario de forma que, implicando falta de calidade na prestación, supoñan que esta non se realiza de acordo coas estipulacións do contrato.

A penalidade consistirá nunha porcentaxe de ata o 2 % do orzamento do contrato.

## 2. Infraccións graves:

1. O desacato ás ordes da dirección de obra.
2. O incumprimento reiterado na calidade.
3. A utilización de elementos materiais ou persoais sen autorización expresa.
4. A ocultación ou falseamento de información que sobre controis e partes de traballo estea obrigado o contratista a facilitar ao Concello.
5. A non realización de prestacións ou a realización moi defectuosa das mesmas.
6. A realización das prestacións en forma defectuosa, con repercusión para a seguridade e salubridade.
7. A reiteración ou reincidencia de tres faltas leves cometidas nun trimestre.
8. En todo caso considerarase como infracción grave toda execución defectuosa do contrato que supoña unha perturbación na execución do obxecto do mesmo sen que impida a súa execución.

A penalidade consistirá nunha porcentaxe de ata o 5 % do orzamento do contrato.

## 3. Infraccións moi graves:

1. A ocultación ou falseamento de información que resulte vital para os intereses do Concello ou que supoña unha perda económica superior a seis mil euros.
2. A non realización de ordes ditadas pola Alcaldía.
3. A reiteración ou reincidencia de tres faltas graves nun ano.
4. Incumprimento da normativa laboral e de seguridade social.
5. Incumprimento da obriga de estar ao corrente das obrigacións tributarias.
6. Aqueles incumprimentos que se produzan por negligencia grave e mala fe, e en todo caso toda execución defectuosa do contrato que impida a súa execución ou que supoña o incumprimento das condicións esenciais da execución do mesmo.

A penalidade consistirá nunha porcentaxe de ata o 10 % do orzamento do contrato.



## 19. DEREITOS DO CONTRATISTA.

O contratista ten dereito a que se lle abone a prestación realizada de acordo co establecidos no presente Prego, e nos termos que recolle o artigo 216 do TRLCSP. Así mesmo terá dereito a transmitir os dereitos de cobro de acordo co disposto no artigo 218 do referido Texto legal.

## 20. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.

Corresponde ao órgano de contratación interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, así como acordar a súa modificación por razóns de interese público ou resolvelo determinando os efectos da resolución.

A execución do contrato levarase a cabo baixo a dirección, inspección e control do órgano de contratación. A estes efectos deberá nomear un responsable para supervisar a execución do contrato e adoptar as decisións necesaria para asegurar a correcta prestación do servizo.

En caso de incumprimento do contrato ou dos prazos establecidos no mesmo por causas imputables ó adxudicatario, o órgano de contratación poderá optar indistintamente por declarar resolto o contrato, con perda da garantía ou impoñer ó adxudicatario penalidades de acordo co establecido no artigo 212 do TRLCSP.

Os importes das penalidades faranse efectivos mediante a dedución dos mesmos da facturación que se produza, en todo caso a garantía responderá da efectividade de aquelas.

## 21. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

O Concello poderá modificar o contrato por razóns de interese público, e para atender a causas imprevistas, sempre que non afecten as condicións esenciais do mesmo e xustificando debidamente a súa necesidade no expediente, de conformidade co establecido no artigo 219 do TRLCSP. As modificacións do contrato deberán formalizarse de conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP.

## 22. RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

A resolución do contrato terá lugar nos supostos establecidos no artigo 223 e 308 do TRLCSP, sendo acordadas polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do adxudicatario, e cos efectos previstos nos artigos 225 e 239 do mesmo Texto refundido.

Considerarase que existe incumprimento das obrigas contractuais esenciais, de acordo co establecido no artigo 223.f) do TRLCSP, cando se incumpra o compromiso de dedicar os medios materiais e persoais suficientes para a execución do contrato, así como obstaculizar as facultades de dirección e inspección do servizo ou o incumprimento da obriga de o deber de custodiar a información e documentación á



que teñan acceso e gardar sxiilo respecto dos datos que coñezan con motivo da execución do contrato.

### 23. PREVALENCIA EN CASO DE DISCREPANCIA.

Para o suposto de que existise discrepancia entre o disposto no presente prego e o previsto no proxecto de execución, prevalecerá o presente prego de cláusulas administrativas particulares, salvo que se trate dun evidente erro aritmético ou de feito. A decisión última sempre corresponderá ao órgano de contratación.

### 24. XURISDICCión COMPETENTE E RECURSOS.

#### A. ORDEN XURISDICCIONAL COMPETENTE.

Todas as cuestións ou diverxencias que poidan xurdir en relación coa preparación, adxudicación, execución, efectos e extinción deste contrato de obras concertado polo Concello de Teo ao abeiro do presente prego resolveranse en vía administrativa, e unha vez esgotada, pola xurisdicción contenciosa - administrativa dos tribunais con foro na provincia de A Coruña.

A concorrencia a procedementos de adxudicación destes contratos supón a renuncia expresa a calquera outra xurisdicción que puidese corresponder aos licitadores ou candidatos.

#### B. RECURSOS.

Os lexitimados poderán interpoñer os recursos administrativos procedentes de acordo co establecido na Lei 39/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como o recurso contencioso administrativo correspondente.

Teo, 5 DE outubro de 2017

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira







**ANEXO I  
CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO**

1. PROXECTO	PROXECTO DE OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE TEO, redactado pola Enxeñeira Técnico Industrial e Enxeñeira Técnico dona Lorena Yebra Fernández (Col. Núm. 1.651 COETICOR) de data 15 de setembro de 2017 e con visado do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais núm. 431/17-FE.		
2. CODIFICACIÓN	A. Vocabulario común de contratos (CPV)	45316100-5	
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	Base imponible:	2.672.979,47 €	
	Importe IVE:	561.325,69 €	
	Total con IVE:	3.234.305,16 €	
4. VALOR ESTIMADO	Valor estimado do contrato: 2.672.979,47 €		
4.BIS. REGULACION HARMONIZADA	contrato non suxeito a regulación harmonizada		
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	165.633.00		
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	7 meses / 210 días		
7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	Grupo	subgrupo	categoria
	I	1	4
	I	6	4
8. SOLVENCIA PARA EMPRESARIOS NON ESPAÑOIS DE ESTADOS MEMBROS DA UNIÓN EUROPEA, EN CASO DE NON ESTAR CLASIFICADOS EN ESPAÑA	Ver cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares		
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	1.- Rexistro do concello de Teo, con domicilio en Travesía da Ramallosa, nº 38, CP 15883 TEO 2.- Oficina de Correos Comunicación do envío, por medio de oficina de correos, ao nº de FAX do Concello: 981809401, ou ben á seguinte dirección de correo electrónico: secretaria@teo.gal		
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	Tramitación ordinaria: 26 días naturais No caso de presentación en correos, o envío deberá realizarse dentro do prazo indicado, comunicando ao Concello a presentación da proposición dentro do mesmo día.		



11. DOCUMENTACIÓN QUE SE HA DE PRESENTAR	Conforme a pregos
12. PORCENTAXE SUBCONTRATAÇÃO	40 % do prezo de adxudicación
13. COMPROMISO DE CONTRATAR A TRABALLADORES DESEMPREGADOS	NON SE ESIXE
14. PERFIL DE CONTRATANTE	Dirección páxina web: <a href="http://www.teo.gal">www.teo.gal</a>
15. GARANTÍA PROVISIONAL	3% do presuposto base de licitación, IVE excluído
15. GARANTÍA DEFINITIVA	5 % do prezo de adxudicación, IVE excluído.
16. TAXAS DO CONTRATO	-
17. REVISIÓN DE PREZOS	Non procede
18. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN A CONTA DO CONTRATISTA	900 €

**19. OUTROS DATOS:**

PERFIL DE CONTRATANTE: [www.teo.gal](http://www.teo.gal)  
 TELÉFONO: 981 815700  
 CORREO ELECTRÓNICO: [secretaria@teo.gal](mailto:secretaria@teo.gal)

**20. DATOS DA FACTURA**

20.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO.  
 ENTIDADE LOCAL: Concello de Teo  
 NIF P1508300-I

20.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR: ALCALDE/PRESIDENTE


20.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE: Intervención

20.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA: Secretaría

20.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE: O-6/17

**21. LUGAR ONDE SE PODEN OBTEN COPIAS DO PROXECTO E PREGO:**

Concello de Teo  
 Travesía da Ramallosa nº 38  
 CP 15883  
 TEO  
 Perfil do contratante do concello: [www.teo.gal](http://www.teo.gal)



ANEXO II

OFERTA ECONÓMICA E TÉCNICA VALORABLE MATEMÁTICAMENTE

A persoa que abaixo asina D/Dª, \_\_\_\_\_, maior de idade, con D.N.I. núm. \_\_\_\_\_ e domicilio para os efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, en nome propio (ou en representación de \_\_\_\_\_, con C.I.F. \_\_\_\_\_, participa no procedemento para a contratación da obra de execución do PROXECTO DE OBRAS DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE TEO,

E FAI CONSTAR:

1º Que coñece e acepta plenamente todas as cláusulas do prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e todas as demais obrigas que se deriven dos restantes documentos contractuais, incluído o cumprimento das obrigas sociais, laborais e fiscais legalmente establecidas.

2º Que se compromete a executar o contrato de conformidade cos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas aprobados polo Concello para a execución dos devanditos traballos, nas seguintes condicións:

- Oferta económica: .....€ (letra e número) máis..... € (letra e número) de IVE.
• Melloras que me comprometo a executar sen custe para a Administración municipal e que, conforme ao anexo de "memoria de melloras complementarias ás obras de renovación das instalacións de alumbrado público exterior do Concello de Teo" (Anexo V), son as seguintes: (marcar cun x si ofertado ou non ofertado)

Table with 5 columns: Capítulo, Resumo, Euros, SI ofertado, NON ofertado. Rows include M01 (INSTALACIÓN DE TELEXESTIÓN), M02 (ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN DE PASOS PEONÍS), M03 (REPOSICIÓN DE INSTALACIÓNS SUBSTRAÍDAS), and M04 (CENTROS DE MANDO DOUTRAS INSTALACIÓNS).

- Redución do prazo de execución sobre o tempo inicialmente previsto (7 meses / 210 días), expresado en días naturais .....días ( o que supón un prazo de execución total de .....días naturais)

..... de ..... de 2017

Lugar, data, e firma (lexible).

Asdo.: Don/a

(selo da empresa, se é o caso).



ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSOAS XURÍDICAS

DATOS DO DECLARANTE		
Nome e apelidos	NIF	
Enderezo (a efectos de notificacións)	C.P.	
Localidade	Provincia	
Tlf.-	Fax.	
Entidade mercantil á que representa	Cargo	CIF
Correo-e:		

DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que a empresa á que represento dispón de capacidade de obrar e xurídica e da habilitación profesional legalmente esixida para concertar co Concello de Teo a execución do contrato de referencia.

O obxecto social da empresa comprende a actividade obxecto deste contrato, de acordo co recollido no artigo.....dos seus estatutos sociais, os cales que se encontran debidamente inscritos nos Rexistros correspondentes.

2º.- Que a persoa que asina a proposta ten poder bastante para representar á empresa neste procedemento de contratación.

3º.- (Marcar o que proceda)

Que dita empresa dispón da clasificación/solvencia requirida para dita contratación (GRUPO I SUBGRUPO 1 CATEGORÍA 4 e GRUPO I SUBGRUPO 6 CATEGORÍA 4)

Que dita empresa dispón dos requisitos mínimos de clasificación/solvencia establecidos para concorrer a dita contratación, completándoa polo medio seguinte (marcar o que proceda):

Formando unha unión temporal de empresas para concorrer á licitación coa mercantil....., adquirindo o compromiso expreso de constituír dita UTE no caso de resultar a nosa oferta adxudicataria do contrato (neste caso a declaración ha de ser subscriba por cada unha das empresas que integrarán a UTE).

Dispoñendo dos medios externos para executar as prestacións seguintes:.....

Ditos medios externos consisten en.....e serán aportados por.....

A tal efecto subscribirase por dita empresa un .....



4º.- Que nin eu persoalmente nin ningún dos administradores da persoa xurídica en cuxo nome actúo estamos incurso en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do Texto Refundido Lei de contratos do sector público.

5º.- Que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e non ten pendente de pagamento ningunha débeda en período executivo co Concello de Teo.

6º.- Que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente.

7º.- Que a entidade se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas de alta e pagamento ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas pola lexislación vixente.

8º.- No seu caso, que a entidade se atopa inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica e que as circunstancias da entidade que nel figuran son exactas e non experimentaron variación:

Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado (núm. )  
Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (núm. )

9º.- Que me comprometo a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso.

10º.- Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do RDLex. 3/2011 e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas sobre empresas vencelladas, a entidade mercantil á que represento (marcar):

- Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.
- Pertence ao grupo de empresas ..... ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:.....

A empresa ....., de acordo co disposto nos artigos 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e 152 do RDLex. 3/2011, comprométese a achegar a documentación que lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.

11º.- Que a oferta que presento garante, respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración de produtos e servizos así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas medio ambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables , o Dereito español e da Unión Europea, así como



das disposicións de Dereito internacional sobres estas materias subscritas pola Unión Europea.

12º.- Que me someto á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)

13º.- Que me comprometo a aceptar e dar por válidas as notificacións que se efectúen no \_\_\_\_\_ enderezo de \_\_\_\_\_ correo electrónico seguinte....., así coma no número de fax.....

14.- Que a porcentaxe de subcontratación para esta obra a prezos ofertados será o seguinte: ..... % \*, e que se descompón nas seguintes unidades:

UNIDADE DE OBRA	PORCENTAXE QUE SE HA SUBCONTRATAR A PREZOS DA OFERTA (EXPRESADO EN %)*
TOTAL QUE SE HA SUBCONTRATAR EXPRESADO EN %* SOBRE O IMPORTE TOTAL ADXUDICACION.....	

**\*(indicar só o % , non o importe)**

15.- Que o número global de traballadores de persoal é de \_\_\_\_\_, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de \_\_\_\_\_, o que representa un \_\_\_\_\_% (superior ao 2%).

Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do \_\_\_\_\_ %

O que declaro aos efectos do previsto no artigo 146 do TRLCSP, comprometéndome a presentar a xustificación acreditativa de tales requisitos no prazo que sexa requirido, no caso de que vaia a resultar adxudicatario do contrato, indicando que cumpro todos os requisitos no momento de presentación da presente declaración responsable e autorizando expresamente ao Concello de Teo a súa verificación directa.

Teo, ..... de ..... de 2017

Asdo.: .....

Selo da empresa

## ANEXO IV

### DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA PERSOAS FÍSICAS

DATOS DO DECLARANTE	
Nome e apelidos	NIF
Enderezo (a efectos de notificacións)	C.P.
Localidade	Provincia
Tlf.-	Fax.
Correo-e:	

#### DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que dispoño de capacidade de obrar e xurídica e da habilitación profesional legalmente esixida para concertar co Concello de Teo a execución do contrato de referencia.

Que dispoño que da solvencia/clasificación esixidas para a execución do contrato.

2º.- Que non estou incurso en ningunha das prohibicións para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do Texto Refundido Lei de contratos do sector público.

3º.- Que estou ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal e Autonómica e non teño pendente de pagamento ningunha débeda en período executivo co Concello de Teo.

4º.- Que estou ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente.

5º.- Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas de alta e pagamento ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas pola lexislación vixente.

6º.- Que me comprometo a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso.

7º.- Que a oferta que presento garante, respecto dos traballadores e procesos produtivos empregados na elaboración de produtos e servizos así como na execución do contrato, o cumprimento das obrigas medio ambientais, sociais e laborais derivadas dos convenios colectivos aplicables, o Dereito español e da Unión Europea, así como das disposicións de Dereito internacional sobres estas materias subscritas pola Unión Europea.



8.- Que me someto á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

9.- Que me comprometo a aceptar e dar por válidas as notificacións que se efectúen no enderezo de correo electrónico seguinte....., así coma no número de fax.....

10.- Que a porcentaxe de subcontratación para esta obra a prezos ofertados será o seguinte: ..... % \*, e que se descompón nas seguintes unidades:

UNIDADE DE OBRA	PORCENTAXE QUE SE HA SUBCONTRATAR A PREZOS DA OFERTA (EXPRESADO EN %)*
TOTAL QUE SE HA SUBCONTRATAR EXPRESADO EN %* SOBRE O IMPORTE TOTAL ADXUDICACION.....	

**\*(indicar só o % , non o importe)**

11.- Que o número global de traballadores de persoal é de \_\_\_\_\_, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de \_\_\_\_\_, o que representa un \_\_\_\_\_% (superior ao 2%).

Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do \_\_\_\_\_ %

O que declaro aos efectos do previsto no artigo 146 do TRLCSP, comprometéndome a presentar a xustificación acreditativa de tales requisitos no prazo que sexa requirido, no caso de que vaia a resultar adxudicatario do contrato, indicando que cumpro todos os requisitos no momento de presentación da presente declaración responsable e autorizando expresamente ao Concello de Teo a súa verificación directa.

Teo, ..... de ..... de 2017

Asdo.: .....

**DILIXENCIA.-** Que extendo eu, secretaria xeral do Concello, para facer constar que o presente Prego de cláusulas, cos seus anexos, composto de 32 folios, numerados e rubricadas por min, foi aprobado por Decreto da Alcaldía de data 11 de outubro de 2017 (nº 812/2017).

Teo, 11 de outubro de 2017

A secretaria xeral

Virginia Fraga Díaz

